

## ACTIVIDADES DE REPASO

- 1 Copia substituíndo os debuxos por formas verbais no número e na persoa axeitados.

- A avoa  as plantas do balcón.

A avoa rega as plantas do balcón.

- Breixo e Uxía  un conto mentres Mariña 

Breixo e Uxía escriben un conto mentres Mariña pinta.

- Meu pai  mentres eu  os cristais.

Meu pai varre mentres eu limpo os cristais.

- 2 Subliña as formas non persoais e indica se son infinitivos, xerundios ou participios.

■ Gústame moito xogar á mariola. ▶ infinitivo



■ Roi sempre vai asubiando pola rúa. ▶ xerundio

■ Varias veces teño ido á vosa casa. ▶ participio

■ Alberte, queres merendar? ▶ infinitivo

■ Xoana traballa facendo enquisas. ▶ xerundio

■ Rematado o pesadelo, durmiu ben. ▶ participio

- 3 Escribe o oficio de cada rapaza. Dúas palabras son esdrúxulas e unha é grave.



veterinaria



arqueóloga



farmacéutica